

# A dESH ORAS

**Berrobambán**

Espectáculo  
familiar



scd.condado

AGADIC

Axencia Galega das  
Industrias Culturais



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

# sinopse

Nalgún lugar, lonxe de todo, ao caer a noite, unha muller le un libro que parece conter as historias do mundo enteiro.

A música acompañaa na soidade.  
Soan badaladas.  
Anuncian un baile?

Un lobo ouvea.  
Está a porta pechada con chave?

Leva tantos anos ás costas, esa muller,  
que xa non lembra quen é.  
Precisamente por iso pode xogar a  
ser quen ela queira.

A protagonista do seu conto.  
A do zapato de cristal,  
a da caixa de mistos,  
a da mazá envelenada,  
a do camiño de migallas de pan,  
a da casiña de chocolate...

Quen chama a deshoras?  
Terá fame?







# adeshoras

Ás veces, descubrimos nas historias dos outros quen realmente somos. E iso é o que lle acontece á Vella desta peza de teatro xestual, esta pobre clown desmemoriada.

Amodo, xogando, recupera o fío que a leva a recoñecerseno espello, grazas un lobo que a visita a deshoras e acaba coa súa soidade, facendo que se volva sentir nena, a nena da carapucha vermella. Con moito humor e ternura poñémonos na pel da avoa na que se convertería Carapuchiña Vermella.


Agora é ela a que vive lonxe, escoitando os ouveos do lobo. Ten frío, ten fame, ninguén se lembra dela e, polo tanto, vai quedando sen memoria. Só o lobo peta na súa porta. Un lobo tan esquecido e fráxil coma ela. E xogan ás agachadas. E rin. E bailan.

E cean xuntos. E acompañanse nas noites de inverno. E as súas gargalladas soan por riba do vento, botando fóra todos os medos






**Berrobambán  
regresa ao territorio  
mudo,**



**á linguaxe visual,  
ao humor sen  
palabras que lle  
valeu o  
recoñecemento  
internacional,**



**e faino nesta  
ocasión, da man  
de dúas  
recoñecidas  
mulleres do teatro  
galego:**

## **paula carballeira**

Traballa para público infantil dende diferentes eidos da creación artística. Ten publicados máis de 20 libros de literatura infantil e xuvenil traducido a máis de oito idiomas. Gañou en dúas ocasións o premio Manuel María de Texto de Teatro Infantil e foi finalista do premio convocado por ASSITEJ-España. Dirixiu espectáculos destinados a este tipo de público tanto para a súa compañía, Berrobambán, como para outras compañías como Talía («Pequena», «Rosa caramelo») ou para o Centro Dramático Galego («A Cabana de Babaiagá»). Ademais é especialmente coñecida como contadora de contos en circuitos nacionais e internacionais e como actriz en series de televisión como «Pepe o Inglés» ou «Libro de familia».

## **nuria sanz**

A inesquecible Colombina de «Commedia. Un xoguete para Goldoni» ou a inocente clown de «Quid pro Quo», papeis cos que foi recoñecida cos premios Compostela ou o María Casares. Fundou a súa propia compañía, Saprísti e participou en varias montaxes do Centro Dramático Galego como «As laranxas máis laranxas de todas as laranxas» ou «Soño dunha noite de verán». Así mesmo tamén participou en series de televisión como «Rias Baixas» ou a produción para Canal+ «Canalone».



# equipo artístico

Adeshoras é un espectáculo mudo, tenro,  
e sorprendente especialmente pensado para  
gozar con toda a familia a partir dos 6 anos..

Nuria Sanz como **Carrapuchiña**  
Chiqui Pereira como **Lobo**

**Dirección  
e dramaturxia**  
Paula Carballeira

**Ayxdante  
de dirección**  
Charo Pita

**Deseño  
de escenografía**  
Un 'Peixe' e  
berrobambán

**Realización  
escenografía**  
Allmad estudio

**Iluminación**  
Chiqui Pereira

**Vestuario**  
Isi Torres

**Música**  
Nacho Sanz

**Deseño Gráfico**  
Nadina Bértolo

**Produción**  
María Rosendo

**Distribución**  
[distribucion@berrobamban.com](mailto:distribucion@berrobamban.com)





# berrobambán

Desde o ano 2000 producimos un total de once espectáculos teatrais para público familiar, entre os que podemos destacar *Boas Noites*, *Bicharada*, *O Refugallo* ou *Xurdefet* que tiveron un notable éxito de público, converténdonos nunha das compañías galegas con maior número de espectadores.

Participamos en programación de Galicia, España, Portugal, Corea e Canadá e, polo medio, organizamos o *Asteroide B-612*, a primeira programación familiar estable en Galicia e o *Circo-lar*, unha programación familiar para a Consellería de Cultura. O CDG encargounos *A Cabana de Baibaiga*, a adaptación dun conto ruso con moita, moita música. Tamén realizamos espectáculos de animación á lectura que nos levaron por moitas bibliotecas e centros educativos.

Neste tempo estreamos catro espectáculos para público adulto; *NdC.*, *Vendetta*, *Pressing Catch* e *Avestruz en terra allea*.



# Información técnica

Montaxe: 4 horas aprox  
Desmontaxe: 1 hora aprox

Espazo escénico de 6x4m  
Cámara negra aforada á italiana

Son:  
PA adecuada al recinto  
2 monitores (1 só envío)  
Conexión PC a la mesa de sonido

Iluminación:  
4 PC 1 Kw  
2 Recorte 15 -30 ETC  
1 Recorte 25 - 50 ETC  
2 PAR 64 N° 1  
5 PAR 64 N° 5

Adeshoras é un espectáculo para toda a familia recomendado a partires dos 5 anos aos 555

Podes ver un ensaio completo en:  
<https://vimeo.com/236570510>  
Contrasinal: adeshoras






Cachet:  
1 Función 1.500,00  
+ IVE 21 %


# Plano Iluminación

## Adeshoras

Iluminación Chiqui Pereira

### MEMORIA DE APARATOS

	PC 1 Kw .....04 parafijos .....04
	Recorte 25-30 ETC .....01 parafijos .....01
	PAR 64 N° 1 .....02 parafijos .....02
	Fib: orle 15-30 ETC .....02 parafijos .....02
	Paralela .....01 parafijos .....01







695 929 262  
info@berrobamban.com  
berrobamban.com

**berrobambán pesentou os seus espectáculos nos seguintes festivales**

Vancouver International Childrens festival (Canadá) - ASSITEJ Festival Seoul (Korea) - Calgary International Childrens festival (Canadá) - Feira Galega das Artes Escénicas - Auditorio de Castrelos, Semana de Teatro en Familia de Vigo - Teatro en Nadal do Salón Teatro (Compostela) - Mostra de Teatro Infantil de Ourense MOTI - Festival Internacional MANICÓMICOS (A Coruña) - Mostra Internacional de Clown, FESTICLOWN - Mostra Internancional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas - Mostra de Teatro de Cee - Auditorio de Galicia (Compostela) - Estiu n`Ermita de Vila-real (Castelló) - Saskatoon International Childrens Festival (Canadá) - London International Childrens Festival (Canadá) - Nanaimo International Childrens Festival (Canadá) - Okanagan International Childrens Festival (Canadá) - Os domingos do Principal (Pontevedra) - KOSMÓPOLIS CCCB (Bcn) -Teatro Familiar do Teatro-Sala de Concertos Caixanova de Vigo - Teatro Familiar do Teatro Rosalía (Coruña) - Teatro Familiar do Teatro Principal (Compostela) - FETÉN O8, Teatro Jovellanos (Xixón) -Teatro Familiar do Centro Cultural e de Congressos de Caldas da Rainha (Portugal) - ACERT. Novo Auditório. Tondela (Portugal)